

galega

1. XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - BIOGRAFÍA



Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tui o 5 de febreiro de **1915**, hai agora exactamente 93 anos, no seo dunha familia ilustrada e progresista.

Era o terceiro dos seis fillos, todos homes, do médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e de María Blázquez Ballester.

Xosé María Álvarez Blázquez pertence a unha saga de escritores que ten os seus antecedentes no seu avó Emilio Álvarez Jiménez, seguiu co seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses e compartiu co seu irmán Emilio. Hoxe en día, os seus fillos Alfonso, Celso e Xosé María Álvarez Cáccamo manteñen esa mesma filia literaria.

Xa no **1930**, con 15 anos, comeza a publicar poemas en xornais de Pontevedra e Tui.

Entre **1931** e **1934**, estuda Maxisterio en Pontevedra. Neste intervalo de tempo publica *Abril*, o seu primeiro libro de poemas en castelán; funda, xunto co poeta Juan Vidal Martínez, a revista literaria *Cristal* e ingresa na Federación de Mocidades do Partido Galeguista, onde, en **1934**, pronuncia o discurso *Berro en lembranza dos herois de Carral*, inmediatamente impreso pola Federación de Mocidades.

En **1935**, obtén o seu primeiro destino como mestre na Guarda (Pontevedra). Un ano máis tarde, no **1936**, é destinado a Tui e ingresa no Partido Galeguista.

O encarceramento e posterior fusilamento do seu pai, o médico Darío Álvarez Limeses, o 30 de outubro de **1936** por parte das forzas golpistas contra a II República, marcáranos de por vida (como ao resto dos seus irmáns, Darío, Celso, Alfonso, Emilio e Álvaro); de feito, foi sancionado en **1937** polo Goberno de Franco, coa suspensión de emprego e soldo como mestre da escola de Coia (onde nunca chegou a exercer) e, posteriormente, foi desterrado a Coreses, na provincia de Zamora. Alí publica o libro *El crimen de la isla verde* e traballa como mestre ata o 31 de xaneiro de **1942**, data na que solicita a excedencia voluntaria e regresa a Vigo, cidade na que desenvolveu gran parte da súa vida.

En Vigo monta, cos seus irmáns, unha fábrica de tellas e tixolos en Nigrán, que tivo que pechar en **1945**.

Neste ano empeza a traballar como secretario na Confraría de Pescadores de Vigo e queda finalista no I Premio Nadal de novela con *En el pueblo hay caras nuevas*.

O 10 de decembro de **1956** casa con María Luísa Cáccamo Freiblen, coa que tería seis fillos: María Luísa, chamada Colorín, que morrería mocidade; Xosé María, poeta; Alfonso, poeta e narrador; Helena, actriz de teatro independente na súa primeira mocidade; Celso, filólogo e poeta e Berta, pintora.

En **1948** funda, con Luis Viñas Cortegoso, a librería anticuaria Monterrey que, á parte de axudarlle a vivir, é onde se fai con escritos en lingua galega dos Séculos Escuros. Esta empresa desaparecerá en **1979**.

En **1949**, publica co seu irmán Emilio o libro *Poemas de ti e de min*, e é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega e comisario de escavacións arqueolóxicas de Vigo.

Ao ano seguinte funda, tamén con Luis Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey, e publica nela o belísimo libro de poemas *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín.

En **1952**, dirixe escavacións arqueolóxicas no Castro de Vigo e publica en Galaxia a súa monumental obra *Escolma da poesía medieval I. Escola medieval galego-portuguesa*.

En **1953**, consegue un dos seus maiores éxitos arqueolóxicos: o descubrimento dun rico conxunto de estelas funerarias romanas atopadas nas obras dunha rúa de Vigo que hoxe enriquecen o Museo de Castrelos (Vigo). Neste mesmo ano publica o *Cancioneiro de Monfero*, que fai pasar por un auténtico cancionero do século XIII, levando ao extremo o xogo literario da imitación poética.

En **1954**, obtén o premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires polo libro de poemas *Canle segredo*, que tardaría máis de vinte anos en publicarse.

En **1955** e **1956**, publica dúas novelas en castelán, *Las estatuas no hablan*, coa que obtén o premio literario Pérez Galdós, e *Crece las aguas*.

En **1959**, sae a súa importantísima *Escolma da Poesía Galega dos Séculos Escuros* e, o 24 de xuño de **1962**, é elixido membro numerario da Academia Galega, na que ingresará en **1964** cun discurso sobre *Cantares e romances vellos prosificados*. Neste ano funda tamén cos seus irmáns as Edicións Castrelos, que comezan a publicar a colección *Cuadernos de Arte Gallego*, gran novidade na época.

A principios do **1966**, trasládase a Oviedo como axente de vendas de Pescanova e en setembro leva a familia. Pero, ao descubrirse a mortal doenza de Colorín -un cancro do sistema linfático-, volven para Vigo ao ano seguinte. É daquela cando, na procura da subsistencia, Xosé María se profesionaliza como editor, creando en Edicións Castrelos as coleccións *O Moucho* e *Pombal*.

En **1968**, empeza tamén a traballar como profesor de Formación Humanística, no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo.

Nos meses de xullo e agosto de **1969** viaxa á Arxentina, invitado polo Centro Galego de Bos Aires e, desde alí, vai a Caracas, onde reside o seu sobriño Darío Álvarez Gándara e o seu querido amigo Celso Emilio Ferreiro e a Miami, para ver o seu curmán, o escritor Xerardo Álvarez Gallego.

O día 12 de marzo de **1970** morre, despois dunha longa enfermidade, a súa primeira filla, Colorín, a quen lle dedicara o libro *Roseira do teu mencer*.

En **1971**, publica *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* e obtén o premio Cidade de Vigo por unha serie de artigos sobre a cidade que publicara o xornal *Faro de Vigo* ao longo do ano.

En **1976**, é nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo, da que levaba sendo cronista non oficial moitos anos; este mesmo ano publica *Canle segredo*, na colección Pico Sagro das Edicións Castrelos.

En **1977**, a súa muller María Luísa sofre unha meninxite que a pon ás portas da morte e que a acaba deixando totalmente xorda. En **1979**, morren o seu irmán Darío e o seu bo amigo Celso Emilio Ferreiro. Nese mesmo ano, carecendo de continuadores, Xosé María véndelle os fondos de Edicións Castrelos á editorial Galaxia.

En **1983**, xubilase como mestre da Náutico-Pesqueira e pecha simbolicamente a candidatura do Partido Galeguista nas eleccións municipais de Vigo.

Como consecuencia dunha afección cardíaca que padecía desde **1980**, morre en Vigo o 2 de marzo de **1985**.

RIA ÁLVAREZ